

**COPIA DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 26 DE XUÑO DO 2023.****Sesión 10/2023-P****SRES/RAS ASISTENTES****PRESIDENTE**

D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)

CONCELLEIROS

Sadamaioría (SM)

D^a Rebeca Mouriño Neira

D. Marcos Villar López

D^a María Pilar Taibo Fernández

D. Xosé Fernando Fariña Andrade

D^a Patricia Martínez Abruñedo

D. Ricardo Berrocal Fariña

Unidos por Sada (UPSA)

D^a María Nogareda MarzoaD^a María Soraya Salorio Porral

D. Sergio García López

D. Breogán Blanco González

Partido Popular (PP)

D^a Esperanza María Arias Ferreiro

D. Fernando España López (Chano)

D^a María Isabel Val Armesto

Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE)

D^a. Almudena Pena Álvarez (independente)

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

D. Emilio Graña Mosquera

NON ASISTEND^a Leticia Roig Iglesias (PP)**PERSOAL ASISTENTE**

D. José Manuel Castro Probaos

(funcionario adscrito á Secretaría)

SECRETARIAD^a María del Carmen Seoane Bouzas

No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 09.00 horas do día luns 26 de xuño do 2023, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvinda a todos e a todas a este Pleno extraordinario do Concello de Sada.

1º.- RENUNCIA DE D^a LETICIA ROIG IGLESIAS AO CARGO DE CONCELLEIRA.

Dáse conta da renuncia de D^a Leticia Roig Iglesias, número 3 na lista da candidatura do Partido Popular (PP), á súa condición de concelleira desta Corporación, presentada o 2023-06-17, segundo consta acreditado no expediente da sesión; quedando decatados os membros da Corporación.



2º.- SORTEO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS XERAIS DO 23 DE XULLO DO 2023.

Logo de terse convocado Eleccións Xerais para o vindeiro día 23 de xullo do 2023 mediante o *Real Decreto 400/2023, de 29 de mayo, de disolución del Congreso de los Diputados y del Senado y de convocatoria de elecciones* («BOE» núm. 128, de 30 de mayo de 2023), segundo o disposto no artigo 26 da Lei 5/1985, Orgánica do Réxime Electoral Xeral, o Concello debe proceder á designación dos membros das Mesas electorais, mediante sorteo público, entre os días vixésimo quinto e vixésimo noveno posteriores á convocatoria.

Procédese polo tanto a efectuar o dito sorteo público das Mesas Electorais para as Eleccións Xerais do 23 de xullo do 2023, empregando a base de datos do censo electoral facilitada polo INE e o programa do padrón de habitantes para o sorteo dos compoñentes das mesas electorais. Obténdose o resultado que se recolle na táboa que se xunta ao final.

Ademais queda realizado un segundo sorteo, que tamén se xunta ao expediente, como anexo, resultando todos suplentes, e que se empregará de ser o caso de que se esgoten as persoas seleccionadas no primeiro sorteo como consecuencia de notificacións negativas ou escusas aceptadas pola Xunta Electoral de Zona.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 09 horas e 10 minutos do día luns 26 de xuño do 2023, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.

TÁBOA DO RESULTADO DO SORTEO:

(Omitida na publicación para os efectos da protección dos datos persoais)